

# INVENTARIO ILUSTRADO DAS ÁRBORES

Texto de VIRGINIE ALADJIDI

Ilustracións de EMMANUELLE TCHOUKRIEL

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Encadernado en cartón. 21,5 x 30 cm. 80 páx. 16 €

[Inventario ilustrado das árbores](#) (galego)

ISBN 978-84-15250-64-7. Faktoría K de Libros. Ciencias.

[Inventario ilustrado de los árboles](#) (castelán)

ISBN 978-84-15250-63-0. Faktoría K de Libros. Ciencias.

[Inventari il·lustrat dels arbres](#) (catalán)

ISBN 978-84-16804-47-4. Faktoría K de Llibres. Ciència.

[Inventário ilustrado das árvores](#) (portugués)

ISBN 978-989-749-019-4. Faktoría K de Livros. Ciência.


...A diversidade das especies de árbores está ameazada pola deforestación e os cultivos intensivos, e moitísimas delas están en perigo de extinción. A fauna asociada a estas especies tamén é vítima desta perda, e as súas poboacións vense prexudicadas por este problema. Con todo, en Europa e Asia, os bosques están a gañar terreo na actualidade, e en case todos os países existe unha preocupación crecente pola conservación das árbores...

“Inventario ilustrado das árbores” reúne preto de 60 especies arbóreas europeas e do resto do mundo: frondosas, coníferas, palmeiras.

Ademais dun sinxelo vocabulario ilustrado relacionado cos distintos tipos de follas, bosques e cortizas, as autoras detallan o nome científico de cada planta, a altura e a lonxevidade que pode acadar, entre outros datos, que acompañan con debuxos de detalle das flores ou dos froitos, e dos animais que frecuentan esas árbores.

As ilustracións son de estilo científico, representadas coa precisión dos naturalistas de antano: perfís feitos con rotulador e tinta chinesa, e acuarelas que favorecen o xogo de cores e transparencias para reflectir as texturas e as tonalidades.

Un libro que ademais do contido técnico, tamén incide na función ecolóxica dos bosques, no factor socioeconómico do sector madeireiro, así como da importancia simbólica e poética desta vexetación.



- **Temática:** catálogo de árbores de todo o mundo.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** ilustracións naturalistas coloreadas con acuarela; contén vocabulario ilustrado; cada lámina inclúe ilustracións, nome común, nome científico e descrición; outros títulos da serie: “[Inventario ilustrado de animais](#)”, “[Inventario ilustrado de animais con cola](#)”, “[Inventario ilustrado dos mares](#)”, “[Inventario ilustrado de insectos](#)”, “[Inventario ilustrado de flores](#)”, “[Inventario ilustrado das aves](#)” e “[Inventario ilustrado de dinosauros](#)”; libros relacionados: serie “[Animais extraordinarios](#)” (Faktoría K)

## Virginie Aladjidi

Durante anos traballou en revistas xuvenís e editoriais. Actualmente dedícase a crear coleccións de libros e textos en colaboración con Caroline Pellissier. <http://virginiealadjidi.blogspot.com>

## Emmanuelle Tchoukriel

Estudou Artes Aplicadas e ampliou a súa formación no eido da comunicación visual antes de ingresar na Escola Estienne de París e de especializarse en ilustración médica e científica. <http://tchouk-tchouk.blogspot.com>

